

INSTRUCCIÓN DA XERENCIA 2/2021 DO 21 DE XANEIRO POLA QUE SE ACORDA A PRÓRROGA DA VIXENCIA DAS INSTRUCIÓN DO 11/09/2020 E DO 6/11/2020 NO MARCO DA CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19

En data 11 de setembro de 2020 ditouse a instrución da xerencia sobre medidas aplicables ao persoal de administración e servizos (PAS) da Universidade de Vigo en situación de vulnerabilidade ao SARS-COV-2. No seu artigo segundo establécese *“Esta medida iniciárase o 15 de setembro e abranguerá ata o 31 de decembro de 2020”*

Posteriormente, o 6 de novembro de 2020, ditouse a instrución da xerencia pola que se adoptan medidas excepcionais de prestación de servizos do PAS no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. No segundo parágrafo do artigo quinto, relativo á entrada en vigor, dispónse *“A vixencia desta instrución esténdese ata o 31 de decembro de 2020, sen prexuízo dos cambios que poidan producirse en virtude do que establezan as autoridades competentes ou da súa prórroga en función da evolución das circunstancias derivadas da emerxencia sanitaria.”*

Dada a evolución da pandemia, o 17 de decembro ditouse nova instrución pola que se acordou a prórroga das dúas instrucións sinaladas ata o 31 de xaneiro de 2021.

Á vista da situación actual da crise sanitaria, esta xerencia resolve ditar a seguinte

INSTRUCCIÓN

Prorrógase a vixencia das instrucións da xerencia do 11/09/2020 e do 6/11/2020. O remate da súa vixencia realizarase mediante nova instrución da xerencia.

A xerenta,

(documento asinado dixitalmente)